



Na semana do 23 de abril imos celebrar a "II EDICIÓN DA FEIRA DE TROCO DE LIBROS DE BOBORÁS" dende a biblioteca do noso centro, aproveitando que se achega o día do libro.

Esta actividade consiste en traer os libros que queiramos intercambiar da casa e o noso titor vains cambiar cada libro por un dólar literario de Carlos Casares Mouriño, o autor das letras galegas deste ano. Ao noso dólar chamámoslle “Xuvenco” e será a única moeda oficial válida para poder adquirir os novos libros. Os libros que traíamos para o intercambio terán que estar en bo estado de conservación e ser apropiados para a idade na que se participe. Acordamos un máximo de 3 libros por alumno.

O día da feira ( que será o xoves 27 de abril) baixaremos á biblioteca coas nosas moedas e por cada unha teremos dereito a levarnos un libro da exposición. A selección dos libros, comprobando que sexan axeitados e que estean en bo estado de conservación, correspóndelle aos titores que revisarán cada libro que chegue ao intercambio. Animádevos a participar e a compartir experiencias lectoras.



O coordinador da biblioteca escolar

Michel Remigio